



Benqueridos amigos:

Xa hai tres anos que diversas entidades da Igrexa –Cáritas, CONFER, Xustiza e Paz, HOAC e JOC- puxéronse de acordo para crear a iniciativa “Igrexa polo traballo decente” co obxectivo de promover a concienciación e a realidade dun traballo acorde coa dignidade da persoa humana.

Invitámosvos a participar na campaña deste ano (7 de outubro, Xornada Mundial polo Traballo Decente) nalgún dos encontros ou actividades que propoñemos:

- **Domingo, 1 de outubro. Celebración da Eucaristía:** ter en conta e aludir a esta problemática tan actual entre nós e en todo o mundo (pode axudar o guiión que achegamos).
- **Venres, 6 de outubro. Vixilia de Oración:** en Ferrol, na Parroquia de Nosa Sra. do Carmen, ás 21:00 horas. (Podería realizarse co mesmo ou parecido esquema noutros arceprestados o día que fose oportuno).
- **Sábado, 7 de outubro. Acto de Sensibilización e participación cidadá,** en Ferrol, na praza da Constitución, de 10:00h. a 14:00h. **Entrega de pulseras coa lenda “defendo o traballo decente”** (unha excusa para suscitar diálogo coa xente sobre o tema). Ás 12,00h. lectura dun manifesto.

Adhesión á campaña en Redes Sociais

Podédevos unirvos como parroquia/comunidade/grupo, entrando na páxina <http://www.iglesiaporeltrabajodecente.org/>. Nela solicítase a adhesión á declaración fundacional de **Iglesia por el Trabajo Decente** para tomar «conciencia de que o desemprego, o traballo precario, a desigualdade no acceso a un traballo decente e a limitación ao exercicio dos dereitos humanos que isto supón, son un atentado á dignidade humana” e animar a sumarse á esixencia de traballo decente, que non é allea á Igrexa. Achegámosvos copia de cómo acceder á adhesión.



Grazas pola vosa atención e pola vosa participación.
Unha aperta no nome das entidades promotoras.

Alfonso Gil Montalbo
En Ferrol, a 25 de setembro de 2017